

tarse dun dicionario que parte do castelán, toda información que se dá sobre as equivalencias en galego (definicións, observacións) debería ser no idioma de partida, en boa lóxica, e non en galego, como é o caso.

XESÚS RIVEIRO

Fernández Salgado, Benigno: *Os xentilicios e os topónimos do mundo*. Santiago de Compostela. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (D. X. P. L.). 1990.

Cando o galego entra, se ben con múltiples problemas e eivas que a ninguén se lle escapan, nos medios de comunicación, no ensino, na linguaxe técnico-administrativa, xorden novos campos de acción noutrora pechados á nosa lingua. Por primeira vez os galegos podémonos achegar ó mundo exterior coa nosa fala, podemos adapta-lo mundo ás nosas estruturas pero... ¿como? Se carecemos de tradición e experiencia, ¿que patróns debemos seguir para fixar esta parte do léxico en boa medida inexistente? ¿cales serán as solucións gráficas, fonéticas e morfolóxicas máis axeitadas para nomea-los países, cidades e xentilicios do mundo?

A todas estas preguntas non é doado dar solucións simples e uniformes, polo que o planificador lingüístico ten ante si unha tarefa ben difícil que se complica aínda máis, se cadra, nunha lingua minorizada como a nosa que dispón dunha cativa capacidade de creación autónoma de novas palabras. Cumpría, a pesar das dificultades, poñerse ó traballo e Benigno Fernández seguindo un esquema metodolóxico baseado en tres liñas xerais de actuación para os xentilicios¹ e catorce regras para a adaptación toponímica² confecciona para o galego non só unhas listas abondo exhaustivas de topónimos e xentilicios do mundo, senón que proporciona unha serie de propostas que, se ben algunhas discutibles, constitúen un material inestimable para a confección dun futuro atlas internacional galego que fixe un léxico toponímico noso.

¹ «- A adopción por empréstito e en especial por calco de xentilicios que pertencen ó que se coñece por "esperanto tecnolectal".

- A recuperación de xentilicios propios a través da tradición medieval.

- A normalización dos xentilicios locais na súa forma dialectal correspondente.» (vid. páx. 14).

² As catorce regras aplicables á toponimia estranxeira son, ó meu parecer, un tanto arbitrarias e non sería moito problema reducilas a sete ou ben amplialas ata vinte. Talvez fose máis prudente establecer unha serie de liñas a seguir sen encadralas en paradigma ningún como, de feito, implicitamente parece suxeri-lo propio autor na regra catorce na que advirte que "sempre quedaría a posibilidade de ensaiar outra forma..." (vid. páx. 105) e admite que as "regras" poden non ser suficientes ou ter excepcións.

Por todo isto, o libro de Fernández Salgado supón un paso máis no longo camiño da normalización lingüística e como tal, faise merecedor do noso máis sincero eloxio.

Con todo, unha análise crítica do estudio, sen -por suposto- descalificalo, pode axudar a mellorar ou rectificar aspectos concretos nun intento de continua-la senda que o autor comezou.

Na confección destes glosarios poderíamos distinguir, para o noso propósito, un plano formal e un plano de contido³.

A. Plano formal

O primeiro que sen dúbida ha chama-la atención a calquera que se achegue ó libro será o non atopar por ningures un índice que permita manexar con axilidade os listados que contén. Tal vez esta deficiencia haxa que atribuíla a un imperdoable descoido dos editores e non ó propio autor; en todo caso este "despiste" desmellora o resultado impreso dun traballo que ten unha clara función consultiva.

Parece evidente que un estudio destas características non podía nin debía abrangue-la totalidade dos topónimos e dos xentilicios mundiais. Tal empresa, fóra de ser practicamente inabarcable, correspondería á disciplina da xeografía descritiva o seu desenvolvemento. Á lingüística interesaralle esta área en canto que posuidora dun inxente material léxico que deberá ser adaptado á lingua receptora segundo a importancia que a comunidade outorgue ós distintos lugares.

Isto é así e coincidimos totalmente co autor. Agora ben, se elaboramos un glosario dos nosos xentilicios, a súa confección ha se-lo máis exhaustiva posible (polo menos no que atinxe á toponimia maior). Haberá que indagar á procura de xentilicios aínda que sexan esporádicos ou mesmo de dubidosa lexitimidade. Parece que non se actuou así neste apartado (vid. listado "xentilicios galegos" páx. 25) e non semella moi complicado engadir algún xentilicio máis á lista. Pensamos por exemplo nun xentilicio como *corcubionés* nin sequera mencionado, ou *cedeirés* moito máis usual, ó meu parecer, ca *cedeireNSE* ou mesmo o caso do habitante de Lira que xunto a *liracho* debería figurar *lirán*, forma non só frecuente senón que se cadra máis correcta, a fin de evitármolo evidente ton festivo do xentilicio *liracho*. Habería que anotar outros como *guardense* ou *trabadense* xunto a *guardés* e *trabadés*. Hai, incluso, algún erro como pode se-lo caso de **carballinés* no canto do moito máis correcto *carballiñés* para facer referencia ó habitante do Carballiño.

Na páxina 13 da introducción fala doutros medios para expresar procedencia xeográfica como o tan frecuente *de + topónimo* que, aínda que non é stricto sensu un

³ O plano formal terá que ver cos aspectos organizativos, expositivos, criterios de edición... mentres que o plano de contido fará referencia ós criterios de adaptación, á coherencia interna das propostas, etc...

xentilicio, funciona como tal. Nun listado que debería ser ben exhaustivo como é este dos xentilicios galegos, sería conveniente avisar ó lector, en forma de nota a pé de páxina ou aclaración previa, da non inclusión de todos aqueles topónimos que non posúan xentilicio en forma de adxectivo, polo que habería de entenderse que o recurso nestes casos sería o *de + topónimo*.

Proseguindo na análise do que chamamos plano formal, unha mirada un pouco atenta detecta nas listas que compoñen o libro unha estrutura expositiva un tanto caótica. Se cadra o feito de pertenceren, as listas, a traballos realizados en épocas diferentes ou mesmo á urxencia coa que se dispuxeron en forma de libro ou talvez as dúas razóns, provocaron estas imprecisións técnicas que embazan un pouco o produto final.

Así, no estudio dos xentilicios (estudio por outra parte extenso, arriscado nas súas propostas e coherente nas súas solucións) atopamos desde descoidos case irrelevantes como o caso de formas asteriscadas que non remiten a forma correcta ningunha⁴ (véxase **albano* que non remite a *albanés*, **cordobano* que non remite a *cordobés* ou **indochino* que non remite a *indochinés*) ata erros ou descoidos de maior envergadura como pode se-lo caso de **ibicenco* que remite a un correcto *eivisenco* que non aparece como entrada, polo que o lector fica sen sabe-las propostas doutros idiomas, ou como o caso de *bavarés* que estando asteriscado remite a si mesmo, ou o xentilicio de Antioquía no que o autor condena as dúas formas propostas.

En canto ós outros listados que compoñen o libro, hai de novo algunhas incoherencias no seu deseño editorial⁵. Cómpre destacar, sobre todo, un desfacemento incomprendible entre o glosario de "países e xentilicios" e o de "ciudades e países do mundo" con respecto ás linguas propostas como base de comparación.

Seica parece evidente que cantas máis linguas poidamos ter como modelos máis doado será que as solucións sexan harmónicas e coherentes, e tamén semella razoable que esta información cómpre darlla ó lector, na medida do posible, xa que facilitará a comprensión das solucións propostas. Agora ben, haberá que ter en conta varios condicionamentos e entre eles o problema do espacio. Conforme ó formato do libro só parece posible engadir xunto á solución galega, catro máis. Así, o glosario de "ciudades e países do mundo" dá as solucións do castelán, portugués, francés e inglés. As linguas da base de comparacións deben se-las máis próximas á nosa tanto xeográfica coma xeneticamente (caso do portugués, castelán ou francés); en canto ó inglés debido á actual omnipresencia desta lingua no mundo e por suposto no campo da toponimia (unha boa parte da toponimia asiática ou africana chega hoxe a nós pola versión inglesa, ás veces ben dis-

⁴ Supoñemos que as formas precedidas de asterisco deberán ser consideradas "incorrectas", aínda que o autor non advirte en ningún momento do valor específico do signo. Non habería, xa que logo, moitos argumentos que opoñer á consideración do asterisco como "igual pero mellor".

⁵ Non convén, penso, deterse nestas pequenas cuestións de carácter puramente formal. Talvez salienta-la orde alfabética na que nuns glosarios se inclúe o grafema *ch* como dependente da grafía *c* e noutros aínda se considera grafema independente.

tante do nome orixinario), ten cumpridamente xustificada a súa aparición neste pequeno grupo. A incoherencia á que faciamos referencia, e aquí é a onde queriamos chegar con esta digresión, está no glosario de "países e xentilicios" no que o autor inclúe o alemán en prexuízo do portugués. Temos que condenar, xa que logo, tal escolla ben pouco rixorosa que, por outra parte, priva ó lector da comparación ou identificación das propostas galegas coas solucións dunha lingua tan próxima á nosa como é o portugués.

B. Plano do contido

Metémonos neste plano no terreo máis técnico, ó tempo que máis discutible, do libro. Os criterios de adaptación propostos por Fernández Salgado son apropiados e a penas dan pé, na nosa opinión, a discusións por si mesmos; cousa ben distinta, e diso imos falar agora, é a aplicación concreta deses criterios, a súa extensión e os seus límites.

Collamos, por exemplo, o criterio que o autor propón como regra nº 4 (xa falamos (vid. supra nota 3) da inconsistencia que supón fixar estas propostas en regras) no que se fala dunha "adaptación fonética mínima no caso dos topónimos importantes ou moi usados" (vid. páx. 103). Neste apartado inclúe topónimos como *Nova York* ou *Iemen* nos que o portugués, italiano e algunha outra lingua engaden unha vocal de apoio. Sen embargo, estes dous topónimos que cumpren a regra nº 4 xa non funcionan no momento en que os sometemos á regra nº 5, "adaptación exclusivamente gráfica..." (vid. páx. 103) e mentres *Iemen* é adaptado á grafía galega, *Nova York* conserva a grafía inglesa (inexistente no sistema gráfico galego) para facer referencia a un iode [ˈnjuːˈjɔrk] que en galego é sempre representado cun *i*. Esta proposta de adaptación gráfica $y > i$ (vid. páx. 105, punto 12.4.5.) funciona nos listados dunha maneira anárquica e así, xunto ó caso de *Nova York - Iemen*, temos casos como *Cantérbury* pero *Chernobil*, *Kentucky* pero *Conacri*, *Niamey* pero *Uruguai*, etc...

Con todo, non descubrimos nada novo se advertimos que nas escollas gráficas radica unha das dificultades maiores da adaptación toponímica. A posibilidade de incorrer en incoherencias ou en solucións excesivamente arbitrarias é un feito que se dá na maioría das linguas e en moitos casos de xeito máis evidente. Resulta moi difícil saír con ben destes atrancos gráficos; así proponse substituír *Z* por *C* diante de *e*, *i* (vid. páx. 104 punto 12.3.) en topónimos como *Nova Celandia* saltándose o respecto gráfico conforme á etimoloxía que leva a poñer *Dakota* no canto de *Dacota*, *Kentucky* en vez de *Quentaqui* ou *Kansas* no canto de *Cansas* (en contra do proposto no punto 12.2.). Escribiremos *Nova Celandia* pero *Zengzou* (vid. punto 12.4.3. aínda que logo non figura tal topónimo no listado) por ser adaptación directa do sistema de transcripción "pinyin" que propón *Zhengzhou* como adaptación do alfabeto chinés. Sen embargo, outra vez o que nos move neste caso é o respecto a esta grafía e non a simple coherencia gráfica que nos aconsellaría $ze- > ce-$. O mesmo pasa con *Jersey* pero *Xohanesburgo*. Se en *Jersey* temos respecto pola pronuncia e grafía orixinaria ¿por que non face-lo mesmo con *Xohanesburgo*?

Aínda podemos falar dalgúns casos máis de adaptacións caóticas que poden servir, como mostra da dificultade do terreo no que nos movemos. Un dos exemplos é *Nagasaki* así presente na lista "países e xentilicios do mundo" e que sen embargo Salgado propón como excepción á adaptación $K > Q/C$ porque segundo el "resultaría chocante" (vid. páx. 105 punto 14) ¿Considerámolo descoído ou como un caso de vacilación, se cadra inconsciente, que plasma a inconsistencia destas adaptacións gráficas?

Tal vez a grafía *W* é unha das máis molestas para adaptala, xa que pode ter distintas pronunciacións. Fernández Salgado optou por asimilala á nosa *V* en topónimos como *Vesfalia* ou *Vurtemberg* (sen embargo *wutembergués* e *Wutemberg* na páx. 76), deixala inalterada en *Windoek* ou *Wellington*, dubida en casos como *Kuwait - Kuvait* (vid páx. 111 e páx. 127); noutros casos adaptouna ó *U* como en *Suacilandia* ou dubida como en *Botsuana* (páx. 109,120), *Botswana* (páx. 83) e incluso comete algún despropósito como en *Malawi* e *malawiano* (páx. 90), *Malaüi* e *malaüiano* (páx. 58) ou *Malai* (páx. 112, 128)

Outro caso podería se-lo do topónimo británico *Cambridge* no que se mantén a grafía orixinaria para representa-lo son [dʒ]. É dicir, o africado palatal sonoro de palabras como *adjective* (adxectivo) ou mesmo do topónimo ruso *Tadziskskaja* (Tadxiquistán en adaptación do propio autor no punto 6.6. da páxina 103 aínda que logo non figura na lista), que só parece ter axeitada adecuación no noso palatal fricativo xordo [ʃ]. Fronte a este exemplo conservador fiel da grafía inglesa, atopamos outros como o caso de *Oranxe* ou *Liexa* procedentes do son francés [ʒ], que pola mesma proximidade fonética adáptase doadamente ó galego [ʃ].

Diciamos hai un momento que non parece complicado comproba-las dificultades que estas adaptacións presentan. Estas reflexións que acabamos de facer, non pretenden establecer novos paradigmas senón tan só chama-la atención do lector sobre este problema no que dunha ou doutra maneira os galegos teremos que tomar posición e comprometernos coas propostas dos especialistas a fin de fixa-lo noso léxico toponímico.

Dun xeito máis breve podemos aínda tratar algunhas propostas contradictorias espalladas nos glosarios. Na lista "país, nome do estado, xentilicio" aparecen formas como *seichelés*, *bahamiano*, *barbadiano*, *malaiano*, *malio*, *paquistanés*, *burkinense*, *serraleonés*, *ucraíno*, ou *venezolano*, que na lista "xentilicios" se condenan a prol de solucións como *seixelés*, *bahamés*, *barbadés*, *maliano*, *malaio*, *paquistaní*, *burquinés*, *serraleonino*, *ucrainiano*, e *venezuelano*. Igualmente temos topónimos como *Grenada* (Estado), *Riyad* ou *Fixi*, na lista de "ciudades e países do mundo" que noutras listas do libro figuran como *Granada* (Estado) (páx. 87), *O Riad* (páx. 66), e *Fidxi* (páx. 86).

Por último, e en canto á bibliografía reseñada por Benigno Fernández, non deixa de sorprender que non figure ningún atlas, nin dicionarios técnicos, nin libros de estilo ou mesmo algún estudio específico de toponimia que de certo o autor tivo que empregar ó longo da confección destes, e reafirmámonos na avaliación primeira, útiles e valiosos glosarios.

ALBERTE GONZÁLEZ MONTAÑÉS